

Vigo, 15 de abril de 2.003.

O Comité de Empresa da Universidade de Vigo (Campus Vigo-Pontevedra), con respecto o peche momentáneo das Oficinas de Orientación Laboral (OFOE), manifestamos o seguinte:

É obxectivo deste Comité que esta oficina, xunto con outras que están na mesma situación, pasen a ser servicios propios da Universidade de Vigo. Para chegar a este punto é preciso que se abran as pertinentes negociacións que permitan acordar as condicións nas que se vai a facer esta integración e o número de efectivos a encadrar nas relacións de postos de traballo (RPT).

A experiencia nos di que estes procesos, para que cheguen a un resultado satisfactorio, é preciso facelos sen estar condicionados e con suficiente tempo por diante, por esta razón, unha vez coñecido o remate da subvención da Xunta de Galicia, **este Comité, namentres non se abran as pertinentes negociacións, solicita que se fagan as xestión oportunas para renovar a axuda da Consellería de Asuntos Sociais, Relacións Laborais e Emprego e se renoven os contratos existentes por un novo período.** Una vez feito este trámite, as distintas partes implicadas teríamos o tempo, e a circunstancia idónea, para decidir o futuro deste servicio.

O PRESIDENTE
COMITÉ EMPRESA



Manuel Velasco Graña

ILMO. SR. XERENTE UNIVERSIDADE DE VIGO.

ILMO. SR. VICERRECTOR DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS